



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO CONXUNTO QUE DEFINA O PAPEL DA XEOTERMIA CARA A UNHA TRANSICIÓN ENERXÉTICA XUSTA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade instrumental do sector público autonómico, formalizou ca Asociación Clúster da Xeotermia Galega (ACLUXEGA), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Acluxega, para a realización dun estudo conxunto que defina o potencial do recurso xeotérmico en Galicia, as medidas e accións que se van poñer en marcha e os obxectivos que se prevé acadar no período 2021-2030.

Os traballos a realizar son os seguintes:

- Caracterización do sector da enerxía xeotermia en Galicia
- Análise e avaliación do recurso en Galicia
- Integración da enerxía xeotermia no PNIEC 2021-2030 e na Estratexia Galega de Transición Xusta 2021-2030
- Obxectivos en xeotermia para o período 2021-2030
- Medidas e accións a poñer en marcha para acadar os obxectivos
- Impactos positivos na economía de Galicia: investimento asociado, emprego xerado, redución de emisións de CO₂,...
- Ferramentas de financiamento para poñer en marcha as accións e medidas propostas
- I+D asociado á enerxía xeotermia
- Xeotermia e medio natural

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada na sinatura dixital.

